



O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 23-01-2026
ata a día 07-02-2026
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA
P.O.

DECRETO

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por acordo da Xunta de Goberno do 31.10.2025, apróbase a convocatoria e as bases específicas para a elaboración dunha listaxe de emprego de ATS/DUE, para prestar servizos de carácter temporal na Deputación de Lugo (BOP núm. 260, do 12.11.2025).

As bases xerais que rexen a convocatoria son as que establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade), publicadas no BOP núm. 260, do 12.11.2025.

As cualificacións finais definitivas e a proposta do Tribunal coa orde da listaxe, publicouse na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade o 12.01.2026.

Á vista do resultado do proceso selectivo, o Tribunal formula proposta ante a presidencia da entidade para que aprobe a elaboración da listaxe de emprego temporal de ATS/DUE da Deputación Provincial de Lugo, segundo os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos con carácter temporal na dita entidade.

Á vista do sinalado proponse á presidencia que, de conformidade co artigo 7 do RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedementos de selección do persoal funcionario da Administración Local, e co establecido no punto 10 e 11 das bases xerais que rexen esta convocatoria e, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 54 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, resolva:

1ª.- Dar por rematado o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal de ATS/DUE, grupo A – subgrupo A2, aprobando a inclusión da aspirante proposta polo Tribunal que a continuación se sinala:

Nº ORDE	APELIDOS E NOME	CUALIFICACIÓN FINAL
1	VÉLEZ VÉLEZ, SONIA	28,0625

2ª.- Ordenar que a incorporación de efectivos sexa realizada seguindo os criterios establecidos na resolución da presidencia vixente no momento da súa publicación.

3ª.- Esta listaxe terá efectividade dende o día seguinte á publicación da presente resolución na web corporativa da Deputación de Lugo.”

	IV7QGQHDFZM7WRP544Y4747FME	Fecha y Hora	22/01/2026 14:49:40
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGQHDFZM7WRP544Y4747FME	Página	1/2



Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

A PRESIDENTA,
P.D. Decreto de data 14-01-2026
O DEPUTADO PROVINCIAL,

O SECRETARIO,

Asdo: Pablo Rivera Capón

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 23-01-2026
ata a día 07-02-2026
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O. 

	IV7QGQHDFZM7WRP544Y4747FME	Fecha y Hora	22/01/2026 14:49:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QGQHDFZM7WRP544Y4747FME	Página	2/2	